BOP
MÉRCORES, 20 DE DECEMBRO DE 2017 N.º 290
DEPUTACIÓN DE LUGO
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E LUGO

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

*Anuncio*

**LICITACIÓN**

Aprobada pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2017 a proposta relativa á aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na contratación da subministración de penso composto (concentrado) para a alimentación do gando vacún da granxa Gayoso Castro.

**ENTIDADE ADXUDICADORA:**

a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.

c) Nº de expediente: EXP0024SU17-ABO.

d) Domicilio: San Marcos 8.

e) Localidade e código postal: Lugo 27001.

f) Teléfono: 982260066/982260095.

g) Correo electrónico: contratacion@deputacionlugo.org.

h) Dirección de Internet de perfil de contratante: http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es.

i) Dirección onde se poden consultar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas: http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es

**OBXECTO DO CONTRATO:**

a) Tipo: Subministración.

b) Descrición: Subministración de penso composto (concentrado) para a alimentación do gando vacún da granxa Gayoso Castro.

c) 15710000-8 Alimentos preparados para animais de granxa e outros animais.

**TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:**

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto.

c) Criterios de adxudicación (Ver cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas):

i. NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS

1. Características técnicas (ata 45 puntos)

ii. AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS

1. Oferta económica (ata 55 puntos).

**ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN:**

a) Importe neto: 177.300,00 euros. I V E ( 10%). Importe total: 195.030,00 euros.

b) Valor estimado do contrato: 195.030,00 euros.

**REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA:**

a) Os esixidos na cláusula sétima e décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

b) Condicións esenciais de execución: as recollidas no artigo 228 bis do TRLCSP e na cláusula vixésimo segunda do prego de cláusulas administrativas.

c) Condicións especiais de execución: as recollidas na cláusula vixésimo segunda, apartado segundo, do prego de cláusulas administrativas.

**GARANTÍAS ESIXIDAS**

d) Provisional: Non se esixe.

e) Definitiva: 5%.

**PRESENTACIÓN DE OFERTAS:**

f) Prazo: 15 días naturais contados dende o día seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

g) Modalidade de presentación: Persoalmente, no rexistro da Deputación, ou ben mediante envío por mensaxeiría ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC) dentro do prazo sinalado; de conformidade coa disposición derrogatoria única, letra g), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, en relación coa disposición final sétima e o artigo 16.4 da Lei 39/2015. No caso de envio por correo ou en calquera das dependencias recollidas no artigo 38.4 da LRXPAC, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición.

h) Lugar de presentación:

i. Dependencia: Rexistro da Excma. Deputación provincial de Lugo en horario de 09:00 a 14:00 de luns a venres.

ii. Domicilio: San Marcos nº8

iii. Localidade e código postal: Lugo, 27002.

iv. Fax: 982260186

v. Dúbidas: : As dúbidas que se formulen os/as interesadas sobre o prego de cláusulas administrativas e/ou prescricións técnicas, deberán ser remitidas á dirección de correo electrónico contratacion@deputacionlugo.org. Só se resolverán as dúbidas formuladas durante os 6 primeiros días do prazo de presentación de propostas, data límite para presentar consultas.

vi. Data de apertura de ofertas: A data de apertura de ofertas publicaráse na plataforma de contratación do estado, á que se pode acceder a través da páxina web da Deputación Provincial de Lugo, no menú servizos -perfil do contratante. (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es).

**ADMISIÓN DE VARIANTES**: Non

**GASTOS DE PUBLICIDADE**: Por conta do adxudicatario.

En Lugo, 11 de decembro de 2017. O PRESIDENTE. P.D. Decreto nº0402/2017, de data 24-02-2017. O DEPUTADO PROVINCIAL. Pablo Rivera Capón.

R. 3685

---

# CONCELLOS

## BÓVEDA

### *Anuncio*

De conformidade coa Resolución de Alcaldía de data 04/12/2017, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria de procedemento Aberto, mediante tramitación Urxente, para a adxudicación de MELLORA DE SISTEMAS DE SEGURIDADE EN EQUIPAMENTOS LOCAIS E MELLORA DA REDE VIAL LOCAL E ACONDICIONAMENTO DO PAVILLON POLIDEPORTIVO, conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adjudicadora: Datos xerais e datos para a obtención da información:

a) Organismo: Concello de Bóveda (Lugo).

b) Dependencia que tramita o expediente: Contratación

c) Obtención de documentación e información:

1) Dependencia: Alcaldía.

2) Domicilio: Avda. Alfonso XIII, 85.

3) Localidade e código postal: Bóveda, 27340.

4) Teléfono: 982426006.

5) Telefax: 982426302.

6) Correo electrónico: urbanismo@concellodeboveda.com

7) Dirección de Internet do perfil do contratante: www.contratosdegalicia.gal/consultaPerfil.jsp

8) Data límite de obtención de documentación e información: Seis días hábiles anteriores á data límite de presentación de ofertas

d) Número de expediente: 697/2017.

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo: Obras.

b) Descrición. MELLORA DE SISTEMAS DE SEGURIDADE EN EQUIPAMENTOS LOCAIS E MELLORA DA REDE VIAL LOCAL E ACONDICIONAMENTO DO PAVIILLON POLIDEPORTIVO.

c) Lugar de entrega:

1) Domicilio: Avda. Alfonso XIII, n.º 85

2) Localidade e código postal. 27340 Bóveda (Lugo)

d) Prazo de execución: Un mes.

e) Non se admite prórroga.

f) CPV (Referencia de Nomenclatura) : 45200000-9.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: Urxente.

b) Procedemento : Aberto.

c) Criterios de adxudicación:

Para obter as puntuacións das ofertas económicas correspondentes ás proposicións que fosen admitidas a concurso, procederase a avaliar cada oferta económica de maneira que á máis económica se lle asigne a puntuación máxima indicada para este concepto na táboa de puntuacións máximas que se indican a seguir:

**a).- Proposición económica:**

**Puntuación** **Ponderación**

Ata 10 puntos. .......................................... 10%

A fórmula aplicable a efectos da puntuación das proposicións económicas admitidas é:

**Po = Pmax x Ob / Op**

Sendo:

Po = Puntos obtidos pola oferta

Pmax = Puntuación máxima dada na táboa de puntuación máxima deste apartado.

Ob = Oferta máis económica

Op = Oferta económica que se puntúa

**b).- Mellora de Obra:** Incremento de unidades de obra a executar que se reflicten no documento técnico denominado: **MELLORA DE OBRA:** MELLORA DE SISTEMAS DE SEGURIDADE EN EQUIPAMENTOS LOCAIS E MELLORA DA REDE VIARIA LOCAL E ACONDICIONAMENTO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO.

Valorarase en función do valor económico resultante do incremento de unidades de obra que se propoñan executar (a maiores das contempladas no proxecto técnico que se licita), cos prezos que figuran no precitado documento técnico:

**Puntuación** **Ponderación**

Até 90 puntos ........................................... 90%

A fórmula aplicable a efectos da puntuación das melloras é:

**Mo = Mmax x Mp/Mb**

Sendo

Mo = Puntos obtidos pola mellora

Mmax = Puntuación máxima dada na táboa de puntuación máxima deste apartado.

Mb = Mellora máis vantaxosa

Mp = Mellora que se puntúa

4. Valor estimado do contrato: 79.445,40 €.

5. Orzamento base de licitación.

a) Importe neto: 65.657,36 €. importe I.V.E.: 13.788,05€

b) Importe total: 79.445,40 €.

6. Garantías esixidas.

1.969,73 € que responderá do mantemento das súas ofertas até a adxudicación do contrato.

7. Requisitos específicos do contratista:

Non se exixe clasificación

a) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional:

O empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación no grupo ou subgrupo de clasificación que en función do obxecto do contrato corresponda, coa categoría de clasificación que polo seu valor anual medio corresponda (Grupo: C Subgrupo: 2 Categoría:1), ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia que se reflicten na "CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar", do Prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: Trece días a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratante.

b) Modalidade de presentación: Presencial.

c) Lugar de presentación: Casa do Concello

1. Dependencia: Servizo de Contratación

2. Domicilio: .- Avda. Alfonso XIII, n.º 85

3. Localidade e código postal: 27340 Bóveda (Lugo).

d) Admisión de variantes: Non.

e) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: Dous meses a partires da apertura das proposicións económicas

9. Apertura de ofertas:

a) Descrición:

1) A Mesa de Contratación constituirase o tercer día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 12:00 horas, para cualificar a documentación administrativa contida nos sobres «A», agás que se de o suposto de non recepción da documentación remitida por correo dentro dese prazo; neste caso a Mesa de Contratación procederá á apertura da documentación administrativa o día seguinte a aquel no que se reciba esa documentación, ou en todo caso cando se cumpran os dez días do remate do prazo para presentar as proposicións, en aplicación do disposto no artigo 80,4) do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

2) Apertura das ofertas económicas: Ás 12:00 horas do tercer día hábil seguinte ao da apertura da documentación administrativa (Sobre "A")

b) Dirección: Avda. Alfonso XIII, n.º 85

c) Localidade e código postal: 27340 Bóveda (Lugo).

10. Outras Informacións.

a) Composición da Mesa de Contratación:

- D. José Manuel Arias López, que actuará como Presidente da Mesa.

- D. Luis Eduardo Matías Sánchez (Secretario-Interverventor), que actuará como Vocal.

- D. Francisco Javier Domínguez López, que actuará como Vocal.

- D. José Luis Rivera Saco, que actuará como Vocal.

- D. Dionisio Blanco Rubiños, que actuará como Vocal.

- D. José Luis Méijome Madriñán, que actuará como Secretario da Mesa.

b) Prego de condicións: Pódese acceder ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán no contrato a través dos seguintes enlaces:

http://www.boveda.gob.es/index.php/gl/principal-gl/perfil-do-contratante-gl/204-lcitacions/683-prego-de-clausulas-administrativas-particulares-mellora-de-sistemas-de-seguridade-en-equipamentos-locais-e-mellora-da-rede-vial-local-e-acondicionamento-do-pavillon-polideportivo

http://www.boveda.gob.es/index.php/es/menu/perfil-del-contratante/203-licitaciones/686-pliego-de-clausulas-administrativas-particulares-mejora-de-sistemas-de-seguridad-en-equipaciones-locales-y-mejora-de-la-red-vial-local-y-acondicionamiento-del-pavillon-polideportivo

c) Ó Proxecto técnico das obras e á Memoria valorada de Melloras de Obra este último como un dos criterios de avaliación de oferta: Pódese acceder a través dos seguintes enlaces:

http://www.boveda.gob.es/index.php/gl/principal-gl/perfil-do-contratante-gl/204-lcitacions/684-proxecto-basico-e-de-execucion-mellora-de-sistemas-de-seguridade-en-equipamentos-locais-e-mellora-da-rede-viaria-local-e-acondicionamento-do-pavillon-polideportivo

http://www.boveda.gob.es/index.php/es/menu/perfil-del-contratante/203-licitaciones/685-acceso-ao-proxecto-tecnico

Bóveda a 7 de decembro de 2017.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López

R. 3677

---

## BURELA

*Anuncio*

**FORMALIZACIÓN CONTRATO DE OBRAS DE PARA A EXECUCIÓN OBRAS DE "REPOSICIÓN E PAVIMENTO E MELLORA DE MARCAS VIAIS"**

Por Decreto da Alcaldía número 2017-0070 do 16/11/17, adxudicouse o contrato de obras de execución das obras de "REPOSICIÓN E PAVIMENTO E MELLORA DE MARCAS VIAIS". Publícase a súa formalización para os efectos do artigo 154 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

**1. Entidade adxudicadora:**

a) Organismo:Concello de Burela

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría

c) Número de expediente: 1383/2017

d) Enderezo da Internet do perfil do contratante: https://burela.sedelectronica.es

**2. Obxecto do contrato:**

a) Tipo de contrato: Contrato administrativo de obras

b) Descrición: Execución das obras de "REPOSICIÓN E PAVIMENTO E MELLORA DE MARCAS VIAIS"

c) CPV (referencia de nomenclatura): CPV 45233222-1 - Traballos de pavimentación e asfaltado.

d) Medio de publicación do anuncio de licitación: BOP Lugo

e) Data de publicación do anuncio de licitación; BOP nº 223 de 27/09/17

**3. Tramitación e procedemento:**

a) Tramitación: Ordinaria

b) Procedemento: Aberto

**4. Valor estimado do contrato:**

98.111,57 €

**5. Orzamento base de licitación.**

a) Importe neto: 98.111,57 €.

b) Importe total: 118.715,00 €

**6. Formalización del contrato:**

a) Data de adxudicación: 16/11/17

b) Data de formalización do contrato: 05/12/17

c) Contratista: DESARROLLOS Y METAS SL

d) Importe de adxudicación: 104.364,60 €

e) Vantaxes da oferta adxudicataria: Mellora 1 e 2 elaboradas pola arquitecto técnico municipal.

Burela, 11 de decembro de 2017.- ALCALDE, Alfredo Llano García

R. 3687

---

## CASTROVERDE

*Anuncio*

Aprobado definitivamente o orzamento para o exercicio económico de 2018, por acordo adoptado polo Pleno deste Concello na sesión que tivo lugar o día 14 de novembro de 2017, ao non terse presentado reclamacións ao mesmo, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

**ESTADO DE INGRESOS**

| | OPERACIÓNS CORRENTES | |
|---|---|---|
| Capitulo | Denominación | Euros |
| 1 | Impostos directos | 578.566,44 |
| 2 | Impostos indirectos | 50.000,00 |
| 3 | Taxas e outros ingresos | 287.164,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 1.272.695,29 |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 11.000,00 |

TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES.....................................................2.199.425,93

| | OPERACIONS DE CAPITAL | |
|---|---|---|
| 6 | Alleamento de investimentos reais | 0,00 |
| 7 | Transferencias de capital | 298.780,28 |

TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL.....................................................298.780,28

**TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS.....................................................2.498.206,21**

**ESTADO DE GASTOS**

| OPERACIÓNS | CORRENTES | |
|---|---|---|
| Capitulo | Denominación | Euros |
| 1 | Gastos de persoal | 688.181,30 |
| 2 | Gastos en bens correntes e servizos | 1.342.533,36 |
| 3 | Gastos financeiros | 0,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 68.209,03 |

TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES.....................................................2.098.923,69

| | OPERACIÓNS DE CAPITAL | |
|---|---|---|
| 6 | Investimentos reais. | 387.282,52 |
| 7 | Transferencia de capital | 12.000,00 |

**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL.....................................................399.282,52**

**TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS**........................................................................................ **2.498.206,21**

Na referida sesión acordouse, tamén, a aprobación do cadro de persoal :

**A) Funcionarios de carreira:**

| DENOMINACIÓN PRAZA | | Nº DE PRAZAS | GRUPO | N.C.D. | C.E.A. | SIT. | Convocatoria |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **1** | | | | | | | |
| 1.1 | Subescala Secretaría-Intervención-Tesourería | 1 | A1/A2 | 26 | 22.939,14 | O | |
| **2** | **ESCALA XERAL** | | | | | | |
| 2.3 | Subescala Administrativa | 1<br>1* | C1<br>C1 | 22<br>22 | 10.009,02<br>4.798,22 | O<br>VD | <br>Promoción interna |
| 2.4 | Subescala Auxiliar | 1 | C2 | 16 | 4.122,86 | VD | |
| 2.5 | Subescala Subalterna | 1<br>1 | AP<br>AP | 14<br>14 | 3.564,12<br>4.200,00 | O<br>O | |
| **3** | **ESCALA ESPECIAL** | | | | | | |
| **3.1**<br>3.1.1<br>3.1.2 | **Subescala Técnica.**<br>Técnicos Superiores: Arquitecto/a (38% xornada)<br>Técnicos Medios: Traballador/a Social | 1<br>1 | A1<br>A2 | 28<br>24 | 3.830,32<br>8.324,96 | VD<br>O | Libre |
| **3.2.** | **Prazas de servizos especiais:** | | | | | | |
| 3.2.1 | Auxiliar de Policía local “a extinguir” | 1 | AP | 14 | 8.969,66 | O | |

**B) Persoal Laboral Fixo:**

| DENOMINACIÓN PRAZA | Nº DE PRAZAS | GRUPO | NIVEL | C.E.A. | SIT. | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Oficial de Servizos Múltiples | 1 | C2 | 16 | 5.602,80 | VD | Promoción interna |
| Operario/a-Limpador/a | 1 | AP | 13 | | O | |
| Operario/a-Limpador/a | 1 | AP | 13 | | VDP | |
| Operario/a-Limpador/a 87,50 xornada | 1 | AP | 13 | | VDP | |
| Peón de Servizos Múltiples | 1 | AP | 13 | 271,32 | VDP | |

N.C.D.: Nivel Complemento Destino; C.E.A.: Complemento Específico Anual; O: Ocupada; VD: Vacante dotada; VDP: Vacante dotada ocupada provisionalmente.

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita xurisdición.

Castroverde, 14 de decembro de 2017.- O ALCALDE, Xosé Mª Arias Fernández

R. 3698

---

## A FONSAGRADA

*Anuncio*

**Padróns de auga, lixo e sumidoiros correspondentes ao quinto bimestre do ano 2017**

Visto os padróns da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, sumidoiro e recollida de lixo correspondentes ao 5º bimestre do ano 2017, a Xunta de Goberno Local do Concello da Fonsagrada na sesión celebrada o día 05 de decembro de 2017,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar os padróns da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, sumidoiro e recollida de lixo correspondentes ao 5º bimestre do ano 2017.

SEGUNDO.- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edito no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, por un prazo de 15 días dende a publicación. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria.

TERCEIRO.- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edito no BOP. Contra a desestimación do recurso poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta. Todo o anterior, sen prexuízo do dereito de interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime conveniente.

CUARTO.- O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 07.12.2017 ao 07.02.2017, para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 07 de decembro de 2017.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 3688

---

## GUITIRIZ

*Anuncio*

En cumprimento do disposto no artigo 169 do Texto refundo da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, publícase que quedou definitivamente aprobado o expediente de modificación da Base 33 das de execución do vixente orzamento, que fora aprobado inicialmente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 23 de novembro de 2017, por non terse presentado reclamacións durante o período de exposición pública.

Guitiriz, 19 de decembro de 2017.- A ALCALDESA, Regina Polin Rodríguez

R. 3722

---

# MONFORTE DE LEMOS

*Anuncio*

**APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA DE NOVEMBRO DE 2017 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 11 decembro de 2017 aprobáronse os padróns da Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia do mes de novembro de 2017.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario, 26 de decembro 2017 ata o 26 de febreiro de 2018.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 11 de decembro de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 3689

---

*Anuncio*

**APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA NOVEMBRO DE 2017**

Por Xunta de Goberno Local do día 11 de decembro de 2017 aprobouse o Padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza de novembro de 2017.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 15 de decembro de 2017 ata o 15 de febreiro de 2018.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 11 de decembro. de 2017.- O Alcalde-Presidente, José Tomé Roca

R. 3690

---

*Anuncio*

**APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 1ªFRACCION COTA TRIMESTRAL CURSO 2017-2018**

Por Xunta de Goberno Local do día 11 de decembro de 2017 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Primeira Fracción Cota Trimestral curso 2017 -2018.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrónn. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 15 de decembro de 2017 ata o 15 de febreiro de 2018.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 11 de decembro de 2017.- O Alcalde-Presidente, José Tomé Roca

R. 3691

---

## VILALBA

*Anuncio*

De conformidad con lo establecido en el art. 102.3 de la Ley 58/2003, General Tributaria, de 17 de diciembre, se notifican colectivamente las liquidaciones del padrón de tasas por los servicios de suministración de agua, conservación de contadores, saneamiento, canon del agua, coeficiente de vertidos y recogida de basuras de la zona urbana, conforme a lo establecido en la Ordenanza nº 9 reguladora de la tasa por prestación del servicio de recogida de basuras, en la ordenanza nº 11 reguladora de la de la red de alcantarillado, en la ordenanza nº 16 reguladora de la tasa por servicios de distribución de agua y utilización de contadores e instalaciones análogas y el Decreto 136/2012 por el que se aprueba el reglamento del canon de agua y del coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de aguas residuales, correspondiente al 3º trimestre del ejercicio 2017, aprobado por la Junta de Gobierno Local en sesión celebrada el 27/11/2017

El referido Padrón queda expuesto al público en la oficina de ESPINA Y DELFÍN S.L, sita en la C/ Campo de Puente, nº 85, bajo, en horario de 9:00 a 13:00 horas de lunes a viernes, el plazo de 15 días contados a partir de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.

Las liquidaciones objeto de notificación colectiva tienen carácter provisional según lo dispuesto en el art. 101.4 de la Ley General Tributaria, y en contra de estas, podrá interponer recurso de reposición ante la Junta de Gobierno Local en el plazo de 1 mes, contado desde el día siguiente a la finalización del plazo de exposición. Por lo que respecta al canon de agua, podrá ser objeto de reclamación económico-administrativo de la Comunidad Autónoma de Galicia en el plazo de un mes desde que se entienda producida la notificación conforme a lo dispuesto en el Artículo 49.7 del Decreto 136/2012.

Se podrá ejercitar, no obstante, cualquier otro recurso que se considere procedente. Todo esto en virtud de lo establecido en el art. 14.2 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales.

De conformidad con lo establecido en los arts. 24 y 25 del Reglamento General de Recaudación aprobado por el RD 939/2005 de 29 de julio, se comunica también que el plazo del ingreso en período voluntario será desde del 1 al 30 de enero de 2018.

El ingreso de las deudas se realizará en las oficinas de ESPINA Y DELFÍN S.L de lunes a viernes de 9 a 13:30 horas.

Los recibos domiciliados por los contribuyentes serán cargados directamente por las respectivas entidades bancarias en la cuenta que ESPINA Y DELFÍN S.L. tiene designada al efecto en la oficina de Abanca de esta localidad.

El pago de la tasa se podrá domiciliar para lo sucesivo en cajas de ahorros, bancos y demás entidades financieras. Para este trámite será necesario cubrir un impreso de domiciliación en las oficinas de ESPINA Y DELFÍN S.L.

Transcurrido el plazo de ingreso en período voluntario las deudas se harán efectivas por la vía de apremio y serán exigibles los recargos del período ejecutivo y los intereses de demora correspondientes, tal y como estipulan los artículos 26 y 28 de la Ley 58/2003 de 17 de diciembre, General Tributaria y, en su caso, las costas que se produzcan. Por lo que respecta al canon de agua la vía ejecutiva de apremio será realizada por la Consellería competente en materia de hacienda de la Xunta de Galicia.

Vilalba, 11 de decembro de 2017.- El alcalde, Agustín Baamonde Díaz

R. 3692

---

# MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

A/27/27969

Unión Fenosa Distribución, S.A. con C.I.F. A 63222533, solicita autorización para la tala de árboles que afectan al dominio público hidráulico, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTES: Varias

RIBERA: ambas

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A TALAR: Se trata del mantenimiento de la línea eléctrica MOF803.

TÉRMINOS MUNICIPALES: Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón y Bóveda

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que puedan presentar, los que estén interesados, peticiones en competencia y compatibles con la anunciada, durante el indicado plazo, en los **Ayuntamientos de Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón y Bóveda,** o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A, sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 11 de diciembre de 2017.- LA JEFA DEL SERVICIO TERRITORIAL EN FUNCIONES, Isabel del Río López

R. 3693

---

Signature Not Verified
Asinado por: BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO
Data: 20.12.2017 08:00:02 CET
Razón:
Localización: España